



Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia- Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os concellos de Toén e Barbadás, con base no convenio tipo con diversos concellos de Galicia para a execución de proxectos de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que, en virtude do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten atribuídas as competencias de elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA), recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da LALGA, figuran as de cooperación e colaboración, mediante subvencións eventuais ou continuas, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscripción de convenios.

Neste mesmo senso, o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

O Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, configura esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do goberno en materia de administración local, emerxencias e interior, entre outras.

As competencias en materia de Administración Local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía aos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

3. Finalidade

Para a execución de proxectos que teñen como finalidade a creación e/ou mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, tense previsto formalizar o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que





abranque desde o día da súa sinatura ata o 15 de novembro de 2018, conforme a memoria complementaria do 24 de xullo de 2018 da Dirección Xeral de Administración Local mediante a que se modifican as cláusulas sexta (punto 4) e décimo quinta do convenio tipo, para ampliar o prazo de execución e xustificación dos proxectos subvencionados así como a vixencia do convenio desde o 31 de outubro de 2018 inicialmente previsto, ata o 15 de novembro.

4. Obxecto do convenio

Os convenios teñen por obxecto fixar as liñas de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza e os concellos para o desenvolvemento de proxectos que teñen como finalidade a creación e/ou mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais. Consideraranse subvencionables aqueles proxectos que teñan por obxecto:

- a) Instalación, ampliación ou mellora das redes de luz pública.
- b) Pavimentación de vías públicas municipais.
- c) Construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de espazos públicos: prazas, paseos, rúas, parques públicos e parques infantís.
- d) Construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de edificios ou dependencias municipais destinados á prestación de servizos básicos e/ou dotación de equipamentos destes edificios ou dependencias.
- e) Construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de instalacións deportivas de uso público e/ou dotación de equipamentos das referidas instalacións.

Para os efectos desta orde terán a consideración de servizos básicos aqueles recollidos no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

O obxectivo común é contribuír a que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia.

5. Fundamentos do convenio

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza regulou, por medio da Orde do 4 de decembro de 2017, a concesión de axudas económicas aos concellos de Galicia, en réxime de concorrència competitiva, destinadas á creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2018 (DOG núm. 5, do 8 de xaneiro).

Mediante a devandita orde a Xunta de Galicia materializou a súa vontade de colaborar cos concellos na implantación e mellora dos servizos básicos demandados pola poboación. A convocatoria, instrución e resolución do procedemento iniciado pola antedita orde, finalizou coa concesión de axudas a todos os concellos solicitantes que cumprían os requisitos esixidos polas bases reguladoras e acadaron a puntuación mínima determinada pola Comisión designada para a valoración dos proxectos, ata o esgotamento do crédito destinado ao financiamento da convocatoria.

Logo da tramitación desta convocatoria, no concepto orzamentario que a financia, e dentro do código de proxecto 2017 00054 Proxecto de desenvolvemento dos entes locais existe un saldo de crédito, financiado exclusivamente con fondos propios da Comunidade Autónoma, que se considera axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia na mellora na calidade da prestación dos servizos municipais.

Por esta razón, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das súas competencias, pretende colaborar coas entidades locais apoiando aquelas actuacións cuxa finalidade sexa a creación e/ou mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais naqueles concellos que amosaron o seu interese para obter unha axuda destinada á execución deste tipo de proxectos mediante a presentación dunha





solicitude ao abeiro da devandita convocatoria en concorrência competitiva, pero non puideron acceder a ela por non ter acadado a puntuación mínima determinada pola Comisión de Valoración.

A Xunta de Galicia presta así un apoio especialmente necesario neste caso, considerando as particulares circunstancias destes concellos, que veñen incidir nun contexto orzamentario restritivo e necesariamente estable do que deriva, entre outras consecuencias, as dificultades para afrontar en solitario os compromisos económicos que o obxecto destas subvencións representa para as facendas municipais, que precisan da creación ou mellora das infraestruturas para a adecuada prestación dos servizos municipais.

Xa que logo, instrumentaranse mediante convenio as axudas para os proxectos promovidos por aqueles concellos que presentaron solicitude ao abeiro da Orde do 4 de decembro de 2017, que non resultaron beneficiarios por esgotamento do crédito destinado ao financiamento desta convocatoria, ata un importe máximo total de 500.000,00 €, respectando a orde de prelación que estableceu a Comisión de valoración prevista na devandita convocatoria. Os concellos e os proxectos subvencionables son os que se relacionan a continuación, segundo a memoria xustificativa do convenio tipo, modificada pola memoria complementaria asinada o 18 de xullo de 2018 pola directora xeral de Administración Local:

CONCELLO	PROXECTO	ORZAMENTO	IMPORTE MÁXIMO DA SUBVENCIÓN	%
Baralla	Mellora e ampliación da iluminación pública da área recreativa de Baralla	40.000,00	24.000,00	60,00%
Beariz	Acondicionado parques infantís en Magros e Beariz	39.980,94	23.988,56	60,00%
Bóveda	Climatización da casa do concello de Bóveda	59.971,40	35.982,84	60,00%
Carballedo	Renovación de instalacións de iluminación exterior. Situación; rúa Irmáns Fernández Dorrego	50.000,00	30.000,00	60,00%
Cenlle	Rehabilitación de dependencias destinadas á prestación de servizos básicos	20.125,16	12.075,10	60,00%
Cerdedo-Cotobade	Adecuación planta baixa e sala de concelleiros na casa consistorial	62.450,00	37.470,00	60,00%
Coirós	Mellora rede de iluminación pública en Recebes-Loureiros (Coirós)	50.000,00	30.000,00	60,00%
Entrimo	Reforma da planta baixa da casa do concello	50.000,00	30.000,00	60,00%
Gudiña, A	Mellora e arranxo de firmes en Carracedo da Serra	50.000,00	30.000,00	60,00%
Irixo, O	Pavimentación de vías municipais no concello do Irixo	48.399,99	29.039,99	60,00%
Larouco	Mellora de pavimentación e rehabilitación na rúa Iglesia Vella de Larouco	44.000,00	26.400,00	60,00%
Monterroso	Acondicionamento de local municipal para arquivo municipal	40.000,00	24.000,00	60,00%
Pol	Rehabilitación e ampliación da biblioteca municipal	50.000,00	30.000,00	60,00%
Rairiz de Veiga	Mellora de infraestruturas municipais en Rairiz de Veiga	40.000,00	24.000,00	60,00%
Sober	Urbanización da praza do concello. Fase II	60.461,15	36.276,69	60,00%
Toén e Barbadás	Acondicionamento de vía pública entre Moreiras e Sobrado	60.500,00	36.300,00	60,00%
Vedra	Execución de acondicionamento de camiño en Paizás, Trobe	47.746,53	28.647,92	60,00%
TOTAL			488.181,10	





O convenio tipo foi informado favorablemente pola Asesoría Xurídica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o 6 de xullo de 2018, e pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos o 9 de xullo de 2018. No caso do convenio cos Concellos de Toén e Barbadás cómpre introducir algunhas precisións no texto derivadas do feito de que a entidade beneficiaria da subvención non é un concello, senón unha agrupación de concellos.

Alén das correccións puramente gramaticais para manter a concordancia de número entre o suxeito e o verbo das oracións, as modificacións no texto buscan incorporar disposicións que contemplaba a Orde do 21 de decembro de 2017 respecto das agrupacións de concellos. Son as seguintes:

1. Incorpórase como punto décimo primeiro da parte expositiva do convenio a existencia dun convenio regulador da agrupación, no que se designa o concello e o seu alcalde como representante único que actuará como coordinador e interlocutor ante a Dirección Xeral de Administración Local e será quen reciba e xustifique a subvención.
2. No mesmo sentido, engádense na cláusula segunda *Obrigas dos concellos*, dous novos números (10 e 11). No punto 10, faise referencia expresa a que o alcalde de Toén é o representante da agrupación de concellos, que actuará como coordinador, interlocutor, receptor e xustificador da axuda, analogamente á redacción do artigo 7.3.b) da Orde do 4 de decembro de 2017; no punto 11, incorpórase expresamente a obriga de asumir o compromiso solidario de execución e de aplicación solidaria da subvención, obrigas tamén contempladas nos artigos 7.3 e 15.5 da mesma orde.
3. En correlación cos puntos anteriores, a cláusula sexta substitúe a referencia ao concello beneficiario pola do concello representante da agrupación de concellos e na cláusula oitava, onde o convenio tipo establecía a obriga do concello beneficiario de acreditar a efectividade dos pagamentos, este convenio refire a obriga ao concello representante da agrupación.
4. Finalmente, na cláusula décimo terceira prevese unha comisión mixta formada pola representación da DXAL e un representante de cada un dos concellos na comisión mixta de seguimento.

En todo o demais, este convenio axústase ao literal do texto do convenio tipo xa informado.

Garantidos os principios de concorrencia, transparencia, publicidade, obxectividade, igualdade e non discriminación mediante a convocatoria, instrución e resolución do procedemento iniciado pola Orde do 4 de decembro de 2017, a existencia dun saldo de crédito susceptible de aplicación eficaz na eliminación das carencias nas infraestruturas de uso público sobre as que se actuará a través dos convenios que se pretende subscribir, e considerando inviable unha nova convocatoria que teña por obxecto este tipo de actuacións polo custo temporal da tramitación dun procedemento destas características, enténdese suficientemente acreditadas as razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Administración Local, destina a cantidade máxima de 36.300,00 € dentro do proxecto orzamentario 2017 00054, o que representa o 60% do orzamento total do proxecto (IVE incluído).

Estes gastos financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.760.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018, na que existe crédito adecuado e suficiente.

A sinatura deste convenio requirirá dos informes previos da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e da Intervención Delegada.

A directora xeral de Administración Local

Marta Fernández Tapias-Núñez

Documento asinado dixitalmente á marxe

